



Adrián Pais

Comeza a súa andaina musical recibindo clases de saxofón en Rianxo, a súa cidade natal.

Finaliza os seus estudos superiores en Palma de Mallorca. Posteriormente estuda no Conservatorio Regional de Burdeos da man de Marie Bernadette Charrier.

Actualmente forma parte de diferentes agrupacións, ademais de continuar o seu camiño como saxofonista solista e docente.

Adrián Pais

MESTRE DE SAXOFÓN

Historial Académico

A vinculación de Adrián Pais co saxofón remóntase a principios dos anos noventa, cando con só nove anos empeza a recibir clases no seu Rianxo natal.

Finaliza os seus estudos superiores en **Palma de Mallorca** e despois trasládase a Francia para continuar a súa formación no **Conservatorio Rexional de Burdeos**, onde ten a oportunidade de traballar en profundidade a música de cámara e a música contemporánea con **Marie-Bernadette Charrier** e **Hilomi Sakaguchi**.

De forma paralela afonda no repertorio clásico orixinal para saxofón co mestre **Jean Marie Londeix** e recibe consellos de artistas como **Rainer Schmidt**, **Eberhard Feltz**, **Helena Poggio** ou **Cibrán Sierra**.

Experiencia

Ao longo da súa carreira, Adrián Pais gaña máis dunha decena de premios en concursos nacionais e internacionais, entre os que salientamos o obtido no **38º Concurso de Música de Cámara Club Lyceum de Lausana** (Suíza), os recibidos nas edicións 2010 e 2012 do **Concurso de Música de Cámara Montserrat Alavedra de Barcelona** ou o outorgado polo **Instituto da Xuventude na categoría de Música Clásica do certame Creación INJUVE 2012**. O seu último premio foi en 2013, a **Medalla de Ouro na Primeira División do WMC Kerkrade** (Holanda).

Membro dos grupos de cámara **Art Sound Quartet** e **[IN]Stables Ensemble**, colabora tamén con distintas formacións coas que realizou concertos non só en España, senón tamén en países como Francia, Suíza, Portugal, Estonia, Suecia ou Alemaña.

En **Capriccio**, editado en 2012 e cunha boa acollida por parte da crítica, é o seu primeiro traballo discográfico con **Art Sound Quartet** e ofrece un repaso do repertorio para saxofón do clasicismo e o romanticismo.

Na actualidade, Adrián Pais combina a súa faceta pedagóxica, sendo mestre no **Centro Superior de Música de Galicia**, como invitado a diferentes seminarios e clases maxistras coa creación con compositores e artistas contemporáneos, coa participación en festivales e coa realización de concertos como solista.